



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2016

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Secretario accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as once horas e trinta minutos do día once de agosto de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos do Secretario accidental da Corporación don José Marcelino Rivera Rarís, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 28 DE XULLO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSOLIDACIÓN E MANTEMENTO DE INMOBLE SITO NO LUGAR DE ESCRAVITUDE Nº 8, FORMULADA POR DON MANUEL TURNES OLIVEIRA. EXPEDIENTE 160/2015/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 9 de agosto de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 11 de setembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7782, solicitude xeral de licenza municipal de obras segundo proxecto adxunto para obras de consolidación e mantemento de edificación de uso residencial sita no Lugar de Escravitude nº 8, con referencia catastral 8770801NH2387S0001DY, formulada por D. Manuel Turnes Oliveira. Adxúntase á solicitude "proyecto básico y de ejecución de obras de consolidación y mantenimiento de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 3 de setembro de 2015.

Segundo. En data 1 de outubro de 2015 o interesado achega nova documentación.

Terceiro. En data 30 de decembro de 2015 o interesado achega orzamento das obras solicitadas.

Cuarto. En data 15 de xaneiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas en senso favorable, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto. En data 20 de xaneiro de 2016 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico, aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Sexto. En data 3 de maio de 2016 ten entrada no Concello "informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" da directora xeral do Patrimonio Cultural en senso desfavorable.

Sétimo. En data 11 de maio de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas establecidas no informe sectorial da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

Oitavo. En data 10 de xuño de 2016 ten entrada no Concello informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago do subdirector xeral de Patrimonio Cultural de data 1 de xuño de 2016, favorable ás obras con determinadas condicións.

Noveno. En data 15 de xuño de 2016 o interesado achega documentación adicional requirida pola subdirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Décimo. En data 15 de xullo de 2016 o interesado achega oficios de dirección de obra, de execución de obra e Estatística de Construcción de Edificios.

Décimo primeiro. En data 21 de xullo de 2016 o interesado achega autorización de data 14 de xullo de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, para as obras solicitadas.

Décimo segundo. En data 5 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo terceiro. En data 8 de xullo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Nembargantes, á data de presentación da solicitude de licenza de obras, a LOUG estaba plenamente vixente.

Entendemos que procede tramitar o presente expediente ao abeiro da normativa aplicable no momento da solicitude, isto é, a LOUG, dado que requirir neste punto ao solicitante para que adapte a solicitude á nova normativa lle depararía un prexuízo e unha dilación na tramitación do expediente, e tendo en conta así mesmo que a nova normativa non suporía cambio algún no tocante ás obras obxecto do expediente.

Segundo. A LOUG na súa redacción vixente no momento da solicitude de licenza, distingue entre o réxime normal de comunicación previa de obras para aquelas que non revisten unha especial complexidade e que non requiren a redacción dun proxecto de obras.

A intervención da que se trata neste caso consiste en obras de consolidación dunha edificación tradicional existente, na que se vai a proceder a dotar á mesma dunha nova cuberta e estrutura portante, así coma á execución de forxados de formigón. En todo caso, a intervención ten un marcado carácter estrutural polo que non se pode considerar exenta da obriga de contar cun proxecto técnico completo redactado por



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

técnico competente.

No presente caso o interesado achega "proyecto básico y de ejecución de obras de consolidación y mantenimiento de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 3 de setembro de 2015, así coma oficio de dirección de obras e folia estatística.

Visto o informe técnico favorable entendemos que o proxecto documenta de forma axeitada a intervención e cumpre co contido necesario de aplicación. En todo caso, en virtude do disposto polo artigo 195.4 da LOUG, unha vez presentado perante o Concello o proxecto técnico adquire a condición de documento público, e da súa veracidade e exactitude responde o seu autor a tódolos efectos.

O proxecto técnico eríxese polo tanto no marco ao que se deberán cinguir as obras a realizar, que se deberán axustar ao mesmo en tódolos extremos, xustificando cumpridamente calquera alteración do mesmo por necesidades sobrevenidas no proceso construtivo, xustificación que se realizará na documentación de fin de obra.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación intensiva (URFI), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Cuarto. A zona destinada á intervención está incluída dentro da zona de protección lateral do Camiño Portugués de Santiago de Compostela, establecida pola Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

A inclusión neste ámbito implica a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio Histórico de Galicia, segundo os artigos 6 e concordantes da citada norma.

Tramitouse perante a subdirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a correspondente autorización sectorial, e no presente caso se conta co informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago do subdirector xeral de Patrimonio Cultural de data 1 de xuño de 2016, favorable ás obras con determinadas condicións, polo que non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada, transcribindo éstas no acto polo que, no seu caso, se outorgue licenza.

Quinto. A intervención sitúase así mesmo no marxe da estrada N-550 ao seu paso por A Escravitude, na zona de afección da mesma segundo o establecido na lei 37/2015, de 29 de setembro, de Carreteras. Achegouse ao expediente autorización de data 14 de xullo de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, para as obras solicitadas, se ben se manifesta no mesmo que ao se situar dentro da zona límite de edificación, o incremento de valor expropiatorio que supoña a actuación non se terá en conta.

Sexto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Sétimo. Por resolución do alcalde 467/2016, do 8 de agosto, désígnase coma alcalde en funcións ao

tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo D. José Ramón Pardo Andrade para os días do 9 e 10 de agosto e do 12 ao 28 de agosto todos incluídos.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Manuel Turnes Oliveira licenza municipal de obras para consolidación e conservación de edificación existente sita no Lugar de A Escravitude nº 8, con referencia catastral 8770801NH2387S0001DY, expediente 160/2015/LU, conforme o “proyecto básico y de ejecución de obras de consolidación y mantenimiento de edificio” redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 3 de setembro de 2015.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) Conforme “Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago” do subdirector xeral de Patrimonio Cultural de data 1 de xuño de 2016:

- **Na reparación da carpintaría tradicional existente (portas, ventás e contraventás de madeira) manteráse a disposición na cara máis exterior ou interior do muro, segundo o caso, a forma de apertura, e a cor de lacado orixinal de existiren datos suficientes, ou cunha cor de acabado tradicional do núcleo (como pode ser a verde). Os ocós nos que non se recupere a carpintaría tradicional existente, tal e coma se solicita, disporáse de maneira provisional un entaboado rematado de xeito que non destaque da fachada (cor semellante á das carpintarías ou á da fábrica de pedra) Polo tanto non se autoriza o tapiado de ocós en material distinto a madeira, senón un entaboado provisional.**

- O encintado da pedra realizaráse con morteiros de cal ou cementos en tons similares aos da pedra e quedarán lixeiramente rebaixados na xunta ou a rente coa fábrica, nunca en relevo.

- O voo dos beirís da cuberta será semellante en dimensións e en tipoloxía aos existentes tradicionalmente. **Coidaráse que non quede visible ao exterior estrutura de formigón ningunha nin o fibrocemento que quede baixo a tella.**

- Durante a execución das obras non se interromperá o paso das persoas que anden polo Camiño, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación intensiva (URFI)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: consolidación e conservación de edificación.
- c) Altura máxima a cornixa: menor a 7,00 metros.
- d) Volumes: B+1
- e) Pendente máxima de cuberta: 40º
- f) Contía na que se orzan as obras: 35.100,00 euros. (sen IVE)



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

g) Situación e emprazamento das obras: A Escravitude nº 8.

h) Nome ou razón social do promotor: Manuel Turnes Oliveira

i) Técnico autor do proxecto: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

j) Técnico director das obras: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

k) Técnico director da execución material das obras: D. Luciano Piñeiro Bermúdez, arquitecto técnico.

l) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Manuel Turnes Oliveira licenza municipal de obras para consolidación e conservación de edificación existente sita no Lugar de A Escravitude nº 8, con referencia catastral 8770801NH2387S0001DY, expediente 160/2015/LU, conforme o "proyecto básico y de ejecución de obras de consolidación y mantenimiento de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 3 de setembro de 2015.

- O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- Conforme "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" do subdirector xeral de Patrimonio Cultural de data 1 de xuño de 2016:

- Na reparación da carpintería tradicional existente (portas, ventás e contraventás de madeira) manterase a disposición na cara máis exterior ou interior do muro, segundo o caso, a forma de apertura, e a cor de lacado orixinal de existiren datos suficientes, ou cunha cor de acabado tradicional do núcleo (como pode ser a verde). Os ocos nos que non se recupere a carpintería tradicional existente, tal e coma se solicita, disporase de maneira provisional un entaboadado rematado de xeito que non destaque da fachada (cor semellante á das carpinterías ou á da fábrica de pedra) Polo tanto non se autoriza o tapiado de ocos en material distinto a madeira, senón un entaboadado provisional.

- O encintado da pedra realizarase con morteiros de cal ou cementos en tons similares aos da pedra e quedarán lixeiramente rebaixados na xunta ou a rente coa fábrica, nunca en relevo.

- O voo dos beirís da cuberta será semellante en dimensións e en tipoloxía aos existentes tradicionalmente. **Coidarase que non quede visible ao exterior estrutura de formigón ningunha nin o fibrocemento que quede baixo a tella.**

- Durante a execución das obras non se interromperá o paso das persoas que anden polo Camiño, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de vivenda familiar en edificación intensiva (URFI)

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: consolidación e conservación de edificación.

c) Altura máxima a cornixa: menor a 7,00 metros.

d) Volumes: B+1

e) Pendente máxima de cuberta: 40°

f) Contía na que se orzan as obras: 35.100,00 euros. (sen IVE)

g) Situación e emprazamento das obras: A Escravitude nº 8.

h) Nome ou razón social do promotor: Manuel Turnes Oliveira

i) Técnico autor do proxecto: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

j) Técnico director das obras: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

k) Técnico director da execución material das obras: D. Luciano Piñeiro Bermúdez, arquitecto técnico.

l) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PECHE FRONTAL E LATERAL DE FINCA SITA NO LUGAR DE AGRA DE ABAIXO Nº 86-B, EXTRAMUNDI, FORMULADA POR DON JOSÉ LUÍS CASTRO



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RODRÍGUEZ. EXPEDIENTE 105/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 9 de agosto de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 8 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5139, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de peche frontal e lateral de finca sita no lugar de Agra de Abaixo 86-B, Extramundi, con referencia catastral 15066A504007030001ZQ, formulada por D. Jose Luis Castro Rodríguez. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, croquis e fotografías da zona de intervención, así coma escritura de segregación da finca.

Segundo. En data 11 de xuño de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite requirimento de documentación adicional que é remitido ao interesado en data 13 de xullo de 2016.

Terceiro. En data 21 de xullo de 2016 o interesado achega a documentación requirida.

Cuarto. En data 26 de xullo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Quinto. En data 8 de agosto de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de peche frontal e lateral de finca sita no lugar de Agra de Abaixo 86-B, Extramundi, con referencia catastral 15066A504007030001ZQ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal. Execución de cerramento en linde Leste de parcela de 79,20 metros lineais a base de zapata corrida de formigón, basamento de formigón recebado e pintado en cor gris en ambas caras e columnas metálicas atornilladas sobre o basamento con rede metálica electrosoldada cor marrón. Peche frontal de 23,60 metros lineais de basamento de formigón recebado e pintado sobre o que se instala celosía de aluminio lacado cor marrón.

- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constrictamento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Respecto a outra documentación determinada regulamentariamente, polos servizos técnicos se determinaron as obras de urbanización necesarias e o aval para responder pola correcta execución das mesmas, e por parte do solicitante se presenta a correspondente memoria das citadas obras de urbanización e o resguardo de ingreso do aval.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

inclúe SOLO URBANO RESIDENCIAL FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI) e SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NN) conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado e para o solo rústico, respectivamente, na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na mesma para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentárase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

Noveno. Por resolución do alcalde 467/2016, do 8 de agosto, désígnase coma alcalde en funcións ao tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo D. José Ramón Pardo Andrade para os días do 9 e 10 de agosto e do 12 ao 28 de agosto todos incluídos.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 8 de xuño de 2016, asinada por D. JOSE LUIS CASTRO RODRÍGUEZ, para obras de peche frontal e lateral de finca sita no lugar de Agra de Abaixo 86-B, Extramundi, con referencia catastral 15066A504007030001ZQ, expediente 105/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

